A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 18 de novembro de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 86 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO RURAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E POSTA EN VALOR DE FONTES E LAVADOIROS DA ZONA RURAL: LOBIO,O ROXIDO,SANTOMIL E VILAMAIOR, INCLUIDO NA FASE DO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS).**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 15 de novembro de 2016, do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, nº 2016/728 de data 16.11.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Rafael Peña Vidal**, concelleiro delegado de medio rural e equilibrio territorial, e presidente da mesa de contratación da licitación "*Execución das obras do Proxecto de Acondicionamento e posta en valor de fontes e lavadoiros da zona rural: Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)*", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 3 de novembro de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL.

Segundo: Con data 15 de novembro, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL, CIF: B70123005, por un importe de **22.262 euros** (IVE aparte 21%: 4.675,02 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 33600 61900**."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de "Execución das obras do Proxecto de Acondicionamento e posta en valor de fontes e lavadoiros da zona rural: Lobio, O Roxido, Santomil e Vilamaior (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)", a favor da empresa JSTOP OBRAS Y SERVICIOS SL, CIF: B70123005, por un importe de **22.262 euros**, (IVE aparte 21%: 4.675,02 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **100 33600 61900**.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo:Xan Xesús Duro Fernández**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org